



Concello de Moaña

N.º expediente: 1457/2024

Procedemento: Contratacións

Asunto: Contratación do servizo de implantación, mantemento e soporte dun software de xestión de nómina e RRHH a través dunha plataforma tecnolóxica cloud

Trámite: Apertura sobre A - documentación administrativa e, se procede, sobre B

Documento: Acta

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

No Salón de Plenos do Concello de Moaña, ás 10:07 horas do día 4 de xullo de 2024, reúnese a mesa de contratación co obxecto de proceder, en acto non público, á apertura e cualificación do sobre A -*documentación administrativa*- presentado polas licitadoras a través da Plataforma de Contratación do Sector Público na licitación, por procedemento aberto, do contrato de servizo arriba indicado e, se procede, continuar coa apertura do sobre B "*Documentación relativa a criterios subxectivos*" que contén a oferta avaliable mediante xuízo de valor.

O expediente de contratación foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria de data 10.06.2024 e o anuncio de licitación publicouse no perfil do contratante do Concello de Moaña, aloxado na PCSP, o día 11.06.2024.

As persoas integrantes das mesa foron convocadas en data 01.07.24 polo Presidente da mesa e a súa composición definiuse na sesión ordinaria de data 17.07.23 da Xunta de goberno local do concello de Moaña no que se constitúe a Mesa de contratación permanente da Xunta de goberno local (BOP.PO núm. 143 de 26 de xullo de 2023) e modificada en data 09.10.23: o tenente de Alcaldía actuará como presidente da mesa - Xosé Daniel Costas Currás-; como vogais, Nuria Lobato del Río -secretaría municipal-, Pablo Martínez Fernández -técnico de intervención- e participan a distancia, Mª Carmen Carracelas Rosales - interventora acumulada (autorizada pola Resolución do 3 de xullo de 2024 da Dirección xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) - e Juana Mª Rosales Muñoz - tesoureira accidental (autorizada pola Resolución do 28 de xuño de 2024 da Dirección xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes).

Actúa como secretaria suplente da mesa a administrativa de Secretaría Mª Isabel Piñón Cajide.

Constan no expediente declaracións de ausencia de conflito de intereses asinadas por todas das persoas integrantes da mesa das que se extrae que ningunha delas ten directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación indicado.

A presidencia dá conta que concorreu unha empresa segundo reflicte o certificado que, como dato automatizado, emite a Plataforma de contratación do sector público (código seguro de verificación: 0TAF+_0GFRG_08VQP_10240 (<https://contrataciondelestado.es>)).

LICITADOR: B80004732

- **Razón social:** SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA

Trala identificación electrónica da secretaria da mesa procédese ao desencriptado dos arquivos electrónicos que conteñen a *documentación administrativa*, **SOBRE A**, e á verificación da presentación da documentación recollida na cláusula 10 do PCAP.

Descarga e resultado de verificación da documentación administrativa:

DENOMINACIÓN SOCIAL-	DOCUMENTOS sobre A		CUALIFICACIÓN
	DEUC	ANEXO V	
SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA	√	√	ADMITIDA

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax:





Concello de Moaña

B80004732	ROLECE ✓ RXCG (non)		
-----------	------------------------	--	--

Cualificada a documentación presentada polo licitador no sobre "A", a mesa de contratación acorda a admisión de SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA.

Logo da admisión da única licitadora, ás 10:18 horas, procédese, en acto público, tralo descriptado dos arquivos electrónicos, á apertura do sobre que contén a documentación relativa a criterios subxectivos, SOBRE B "*Documentación relativa a criterios subxectivos*", e á verificación da presentación da documentación recollida na cláusula 14.3 en relación coa 12 do PCAP: proposición técnica (memoria).

A mesa de contratación, consonte a cláusula 16.1 do PCAP, tendo en conta a ausencia de servizos técnicos propios cualificados para a valoración do sobre B e considerando a habilitación conferida na referida cláusula dos PCAP, a vista da solicitude de asistencia técnica á DP.PO formulada en data 13 de xuño de 2024, **acorda solicitarlle asistencia técnica ao Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) da Deputación de Pontevedra (DP.PO) para a emisión da avaliación técnica da oferta presentada contida no citado SOBRE B "*Documentación relativa a criterios subxectivos*".**

Ás 10:29 horas o presidente dá por terminada a reunión e para constancia do tratado se redacta a presente acta que eu, secretaria da mesa, paso á sinatura electrónica das integrantes da mesa.

